

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS FISCAIS – 2024

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A Presidencia da Deputación aprobou os padróns fiscais dos seguintes impostos dos concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 27.001, de 26 de xuño de 2024).
- Imposto sobre bens inmobles urbanos (resolucións núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmobles rústicos (resolución núm 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmobles de características especiais (resolución núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).

De conformidade co disposto no artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria dos devanditos impostos na Deputación son: Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbria, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza - Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmajor, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

Período e lugar de exposición

Os padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial (rúa Archer Milton Huntington, 24, 15011, A Coruña), onde poderán ser examinados polos interesados, dende o día **2 de setembro ao 15 de outubro de 2024**, ambos os dous incluídos.

As consultas faranse a través do correo electrónico atención.tributaria@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono 900 132 204.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Recursos

Contra as liquidacións que conteñen os padróns fiscais os interesados poderán formular ante o Presidente da Deputación o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, **no prazo dun mes**, que se contará dende o día seguinte ao da finalización de exposición pública dos padróns fiscais. Tamén poderán utilizar calquera outro que consideren oportuno.

A Coruña, (na data da sinatura dixital)

O presidente, PDF 29/08/2023
O deputado,

José Ramón Rioboo Castro

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez